

**D. Darío Campos Conde,**  
presidente da Deputación de Lugo,  
ten o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

## **A pintura mural de Santa Eulalia de Bóveda**

**Acuarelas de Elías de Segura, 1927**

que terá lugar o vindeiro día, 25 de xaneiro de 2018,  
ás 20:00 horas, no Refectorio do Museo Provincial de Lugo

Praza da Soidade s/n  
Tel.: 982 242 112  
[www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

Máis información:



e no sitio web: [www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org)



**A pintura mural  
de Santa Eulalia  
de Bóveda**

25 xaneiro  
-  
15 abril  
-  
2018

**Acuarelas  
de Elías de Segura,  
1927**





## A pintura mural de Santa Eulalia de Bóveda

## Acuarelas de Elías de Segura, 1927

A singularidade e excelencia do conxunto arqueolóxico de Santa Eulalia de Bóveda xa se puxera, oficialmente, de manifesto poucos anos despois do seu descubrimento, ao ser declarado monumento histórico artístico nacional por Decreto do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, do 3 de xuño de 1931 (*Gaceta de Madrid*, 4 xuño).

Actualmente, encóntrase protexido a través da recente Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG 16/05/2016 e BOE 18/06/2016).

De todo o conxunto monumental arqueolóxico de Santa Eulalia, o discurso expositivo deste proxecto céntrase nas destacadas manifestacións pictóricas e, máis especificamente, nas reproducións realizadas polo restaurador, conservador de obras de arte, Elías de Segura en 1927. Trátase de debuxos e acuarelas da decoración pictórica tomadas do natural, *in situ*, que constitúen unha excepcional documentación gráfica estudada e presentada no

*V Congreso Internacional de Historia de la Arqueología* (2017) por Montenegro Rúa. Elías de Segura permaneceu un mes en Lugo copiando as pinturas murais por encargo de Manuel Gómez-Moreno, quen dirixía os traballos arqueolóxicos nese momento, polo que se trata dun testemuño directo e orixinal do estado de conservación das pinturas no momento do seu descubrimento.

As reproducións permaneceron inéditas noventa anos pero conservadas no *Archivo del Museo Arqueológico Nacional* e alegrámonos de que poidan verse publicamente por primeira vez. Este é o principal obxectivo do proxecto expositivo xunto coa finalidade xeral de pór en valor un Ben de Interese Cultural de Galicia sito en Santalla de Bóveda de Mera, concello de Lugo, a través do MPL coa inestimable colaboración do MAN.

Ademais da súa relevancia artística e científica, ao mostrar

o estado de varios dos motivos presentes na decoración pictórica do monumento, no momento do seu descubrimento, as acuarelas ofrecen un valor engadido debido a que, pouco tempo despois de realizarse, unha importante superficie das pinturas murais foi danada tras aplicarlle unha nefasta restauración: catro das obras correspóndense con senllas fraccións da área afectada localizada no arranque sur da bóveda.

Polo tanto, nestas reproducións non só se pode comprobar o estado orixinal de diversos motivos, que actualmente presentan significativas perdas da súa capa pictórica, tamén demostran o porqué da marcada diferenza na superficie pictórica entre os arranques de bóveda sur e norte. A historiografía de Santa Eulalia de Bóveda ofreceu variadas razóns que tentaron explicar este feito, mesmo se chegou a xustificar como o resultado de actuar un equipo de pintores diferente en cada arranque de bóveda.

Pero a obra de Elías de Segura mostra que a diferenciación da tonalidade pictórica está vinculada, inequivocamente, a unha inicial restauración que pretendía eliminar os borróns escuros documentados en varias das acuarelas.

A exposición está constituída por seis acuarelas orixinais e a reprodución a escala 1:1 dun debuxo preparatorio que por cuestións técnicas de conservación non puido ser trasladado a Lugo desde o MAN. Ademais, inclúese documentación antiga do monumento e diferentes materiais arqueolóxicos conservados nas zonas de reserva do Museo Provincial de Lugo: fragmentos de estucos, cerámica, etc.

Como complemento cultural, tamén se organizarán charlas e debates tendo como tema principal o contido da exposición.

**Aurelia Balseiro e Enrique Montenegro**  
Comisarios da exposición